

## I. 8. GALÍCIA

Xosé GONZÁLEZ MARTÍNEZ

Xefe do Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Redondela  
xgm@mundo-r.com

### *Presidencia*

Lei 1/2005, do 4 de Xaneiro, do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia.

Esta lei crea o Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia, como organismo autónomo de carácter administrativo e coas funcións de formación e perfeccionamento do persoal da Administración de Xustiza transferido á Xunta de Galicia, proseguindo, ademais, coas funcións que vén realizando a Academia Galega de Seguridade e co persoal da Policía autonómica e local, así como cos corpos de bombeiros e voluntarios.

As funcións do Centro de Estudos Xudiciais e Seguridade Pública de Galicia serán as seguintes:

1. Realizar a formación especializada e permanente do persoal ao servizo da Administración de Xustiza, así como do restante persoal dependente da consellería competente en materia de xustiza, a través de cursos, seminarios e calquera outra actividade de carácter formativo.
2. Prestarlle apoio á consellería competente en materia de xustiza nos procesos de selección do persoal que pertenza aos corpos ao servizo da Administración de Xustiza, en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública.
3. Investigar, estudar e divulgar asuntos e documentación relativos ao ámbito xudicial, con especial referencia á realidade galega.
4. Realizar os cursos que se establezan para o ingreso e a promoción interna ás distintas escalas dos corpos da policía galega e das policías locais.

### *Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo*

Orde do 7 de febreiro de 2005 pola que se convocan subvencións á produción editorial para apoiar a edición de obras en galego, a tradución

para o galego, e a tradución e edición noutras linguas de obras publicadas orixinariamente en galego (DOG núm.43, do 3 de marzo de 2005).

Unha das funcións máis importantes da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo é a programación de obras editadas en lingua galega. Por iso, consciente da responsabilidade que lle corresponde en canto á normalización da nosa lingua, na procura de pór á disposición dos cidadáns que utilizan esta lingua con normalidade obras que abrangan todas as materias, incluídas as que teñan un mercado moi reducido.

Ao mesmo tempo correspóndelle promocionar a creación en galego, para dar posibilidades a todos aqueles escritores que se decanten por utilizar a lingua galega como medio de expresión, sobre todo en disciplinas de pouca distribución, como poesía, ensaio, etc.

En virtude do exposto convócanse subvención á produción editorial para apoiar a edición en galego, a tradución para o galego e a tradución e edición noutras linguas de obras escritas orixinariamente en galego.

Poderán optar a estas subvencións todas aquelas entidades que acrediten a súa condición de editores, coas limitacións que establecen os puntos 5 e 6 do artigo 3º.

Na valoración das solicitudes teranse en conta os seguintes aspectos:

- Calidade da obra.
- Calidade das obras contidas no catálogo.
- Importancia do fondo editorial en galego ou relacionado con Galicia do editor solicitante.
- Esfuerzo que supón para o editor a incidencia da obra en ámbitos de especial importancia cultural, pero de pouca demanda comercial.
- Grao de profesionalización dentro do sector editorial galego.
- Continuidade dentro dunha colección.
- Interese da obra para as bibliotecas públicas.
- Currículo do tradutor.

### *Consellería de Educación e Ordenación Universitaria*

Orde do 26 de novembro de 2004 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a empresas privadas para fomentar o uso social da lingua galega (DOG núm.236, do 3 de decembro de 2004).

De acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Xunta de Galicia promove o uso do galego —lingua propia de

Galicia— e reconece, así mesmo, que as empresas privadas, pola súa incidencia e implantación territorial e social, poden constituírse en promotoras de extensión do uso social do noso idioma.

Daquela, esta convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio do ano 2005, a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva a empresas privadas para fomentar o uso social da lingua galega, a través da creación ou mantemento dun gabinete lingüístico ou a contratación de servizos de asesoramento lingüístico; a rotulación, etiquetaxe e embalaxe industrial; a confección de documentación creativa e permanente; a organización de campañas publicitarias e a elaboración de portais e páxinas web, de acordo co especificado no artigo correspondente desta orde.

Terán a consideración de subvencionables as seguintes accións:

*a)* Creación ou mantemento de gabinetes lingüísticos ou a contratación de asesores lingüísticos nas empresas, con funcións de asesoramento, formación, etc. priorizándose as propostas que teñan un carácter de permanencia e as que inclúan a contratación de licenciados en filoloxía galega portuguesa ou equivalente. Coa solicitude deberá presentarse un proxecto coas funcións que vai realizar dentro da empresa e o perfil da persoa ou persoas que se encargarán do gabinete, acreditando a súa competencia en lingua galega.

*b)* Confección de documentación permanente: o obxecto das subvencións é a elaboración de documentación permanente da entidade, como papelería, manuais ou regulamentos internos, programas informáticos para a xestión realizados integramente en galego, memorias, catálogos, etc. e preferentemente as actividades que deriven da creación e desenvolvemento da imaxe corporativa.

*c)* Elaboración de documentación creativa da empresa, como publicacións tipo libro, revistas, folletos e boletíns informativos, voceiros, actividades audiovisuais, creativas (vídeos, CD-ROM, programas de radio e televisión, etc.).

*d)* Rotulación permanente, etiquetaxe e embalaxe industrial: engloba a rotulación permanente, exterior, interior ou dos dous tipos, dos establecementos ou vehículos, e a etiquetaxe e embalaxe industrial. As axudas van destinadas ás empresas que realicen estas accións en calquera dos procesos de fabricación, produción e/ou comercialización dos seus produtos, preferentemente nos seguintes ámbitos: empresas de produtos de liña branca, audiovisuais, comunicacións e telecomunicacións, cadeas de establecementos de alimentación, fogar, perfumaría e drogaría, leiteiras e derivados do leite, adegas, grupos inmobiliarios, etc.

e) Realización de campañas publicitarias: refírese á publicidade da empresa en calquera soporte ou medio. Priorízanse aqueles proxectos de maior complexidade en que se inclúan actividades de dinamización sociolingüística (concursos, premios, certames, etc.), cunha compoñente escrita significativa, que fomenten o uso da lingua galega e estean integramente realizadas nesta lingua.

Orde do 13 de decembro de 2004 pola que se regula o concurso público para a concesión de subvencións a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega (DOG núm. 249, do 24 de decembro de 2004).

De acordo co disposto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, a Xunta de Galicia promove o uso do galego, lingua propia de Galicia. Por isto, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de acordo coa normativa vixente en materia de subvencións, fai pública a presente convocatoria, mediante a cal pretende animar as asociacións e institucións privadas sen fin de lucro a que realicen actividades encamiñadas a aumentar o uso social da lingua galega a partir do seu emprego no ámbito asociativo.

A convocatoria ten por obxecto regular, para o exercicio do ano 2005, a concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a asociacións e institucións privadas sen fin de lucro para fomentar o uso social da lingua galega, a través da confección de documentación permanente e creativa, a elaboración de actuacións directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega e a realización de actividades publicitarias e portais e páxinas web.

Terán a consideración de subvencionables as seguintes accións:

a) Confección de documentación: o obxecto das subvencións é a elaboración de documentación creativa como programas informáticos para a xestión realizados integramente en galego, publicacións formato libro, banda deseñada, voceiros, folletos informativos, revistas e boletíns non publicitarios, actividades de creación audiovisual e na internet, realización de programas de radio e tv non publicitarios, etc.

A documentación permanente e a papelería só serán susceptibles de recibir subvencións cando supoñan a creación ou renovación e o desenvolvemento da imaxe corporativa da entidade e, en calquera caso, para seren avaliadas deberán incluír un texto significativo en lingua galega (textos informativos, lemas publicitarios, etc.).

b) Realización de actividades directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega: engloba a realización de todo tipo de accións directamente relacionadas co fomento do uso da lingua galega, como actividades de animación sociocultural, elaboración de material lúdico, realización de certames, congresos, xornadas, premios, cursos (agás os de galego que sexan obxecto doutra convocatoria), campañas divulgativas, exposicións, etc., se ben só percibirán subvencións as propostas que teñan unha compoñente escrita destacada.

A orde prioriza as actuacións, tamén, que desenvolvan temas sociolingüísticos, educativos e literarios, poñendo énfase especial no desenvolvemento de portas e páxinas web.

Orde do 16 de decembro de 2004 pola que se convocan axudas a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia sostidos con fondos públicos, que participen en estadias e intercambios con centros educativo doutros países para favorecer a aprendizaxe activa de linguas (DOG núm. 248, do 23 de decembro de 2004).

A aprendizaxe das linguas estranxeiras é unha das necesidades que máis se manifesta desde todos os ámbitos sociais. Esta necesidade vai profundamente ligada ao progreso científico e tecnolóxico. As industrias e os especialistas constitúen redes de comunicación que ignoran as fronteiras lingüísticas e nacionais. Así, o aumento de relacións internacionais, a mobilidade laboral e a circulación das ideas e da información están provocando unha forte demanda social a favor da aprendizaxe das linguas que os cidadáns dun determinado país dominan; isto constitúe un indicador importante do seu grao de desenvolvemento. Por outra parte, a mellor protección contra todas as formas de racismo e de xenofobia lógrase mediante o coñecemento e a experiencia directa da realidade doutros países e mediante a mellora das capacidades de comunicación .

A experiencia —di a introdución desta Orde— demostra que a estadia nos países dos que se estuda a lingua constitúe un medio moi eficaz de progreso na adquisición desa lingua e da súa cultura.

Xa que logo, estas axudas diríxense a alumnos e profesores de centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, sostidos con fondos públicos, que participen en estadias e intercambios de alumnos con centros educativos doutros países, para a aprendizaxe activa de linguas durante o ano 2005.

Poderán solicitar estas axudas os alumnos, agás os de educación infantil: colexios de educación infantil e primaria; colexios de educación primaria; centros públicos integrados; institutos de educación universitaria; escolas

oficiais de idiomas; conservatorios de música e danza; escolas de artes, centros privados concertados e centros de educación permanente de adultos.

No que fai ás modalidades das axudas prevénse visitas preparatorias do profesorado responsable da estadia de alumnos no centro receptor doutro país, co obxecto de facilitar os acordos de colaboración entre os centros e a preparación axeitada do proxecto.

Orde do 7 de febreiro de 2005 pola que se anuncia a convocatoria da campaña «Entre nós, en galego» (DOG núm.30, do 14 de febreiro de 2005).

A Dirección Xeral de Política Lingüística, na liña de fomentar o uso da lingua galega, de acordo co establecido na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, anuncia a convocatoria da campaña de normalización lingüística «Entre nós, en galego», estruturada esencialmente en tres grandes obxectivos:

1. Que a sociedade valore o feito de posuír unha lingua propia como unha riqueza culturall e un patrimonio histórico que cómpre conservar.
2. Contribuír a prestixiar a lingua galega, tanto polo seu valor referencial da nosa identidade como por ser o noso principal elemento de comunicación cos falantes do mundo.
3. Impulsar o uso da lingua galega nas nosas comunidades escolares.

Accións.

1. Publicidade en lingua galega.
2. Concurso de relato curto.
3. Concurso de poesía.
4. Certame de recitado de poemas.
5. Certame de contacontos.
6. Certame de teatro.
7. Certame de música.
8. Concurso de revistas escolares.
9. Concurso anuncio para a televisión.
10. Concurso anuncio para a radio.

Os certamen terán tres fases:

- 1ª fase, no propio centro educativo.
- 2ª fase, provincial.
- 3ª fase, autonómica.

Poderán participar todos os alumnos dos centros de educación infantil, primaria e secundaria, públicos e privados, mesmo da Galicia exterior.

O tema será o da lingua galega (coñecemento, usos, actitudes, prexuízos, promoción, factores culturais, activos...)

Orde do 7 de febreiro de 2005 pola que se anuncia a convocatoria para presentar proxectos de fomento do uso do galego e de formación para os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros públicos de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional, adscritos a esta consellería (DOG núm. 31, do 15 de febreiro de 2005).

Administración educativa de Galicia garante que os alumnos, conforme van acabando cada un dos ciclos nos que o ensino do galego é obrigatorio, vaian acadando un dominio, oral e escrito, similar dos idiomas galego e castelán, tal e como determina o artigo 14.3º da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Como órgano impulsor e dinamizador das medidas necesarias para levar a cabo o que dispoñen eses decretos e, consecuentemente, para conseguir que os alumnos acaden o dominio do galego que establece a Lei de normalización lingüística, cada centro ten que constituír un equipo de normalización lingüística.

No ano 2005, a Administración educativa galega, aparte de manter este proxecto de fomento do uso do galego nos centros educativos, recolle a posibilidade, a través dunha partida adicional orzamentaria, de lles complementar os incentivos a aqueles centros que, cumprindo os obxectivos que regulan os decretos 247/1995, do 14 de setembro, e 66/1997, do 21 de marzo, que regulan o uso do galego no ensino, destacan por estender o seu uso a outras áreas curriculares.

Nos proxectos de fomento do uso do galego e de formación atenderase preferentemente:

1. Satisfacer os gastos de adquisición e/ou elaboración de material didáctico, bibliográfico, fonográfico, videográfico e informático en galego.
2. A organizar programas e actividades que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos componentes da comunidade educativa do centro.

Para acceder a este financiamento será necesario que o equipo de normalización lingüística estea formalmente constituído segundo o disposto nos artigos 82 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, e 63 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro, e que o seu programa de actividades fose aprobado polo centro e enviado canda a programación xeral anual á Ins-

pección Educativa, o órgano encargado de lle presentar á correspondente comisión avaliadora o informe relativo a cada centro.

Orde do 24 de febreiro de 2005 pola que se convocan axudas económicas para os proxectos e os traballos dos equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) da Comunidade Autónoma de Galicia que imparten ensinanzas de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional (DOG núm. 44, do 4 de marzo de 2005).

A Administración educativa de Galicia garante que os alumnos, conforme van acabando cada un dos ciclos en que o ensino do galego é obrigatorio, vaian acadando un dominio oral e escrito similar dos idiomas galego e castelán, tal e como determina o artigo 14-3º da Lei 3/1983, de normalización lingüística.

Para poder conseguir iso, esta mesma lei encoméndalle á Xunta de Galicia a regulamentación no ensino do uso desas linguas oficiais en Galicia. Esa regulamentación está establecida nos decretos 247/1005, do 14 de setembro, e 66/1997, do 21 de marzo.

Esta orde ten por obxecto convocar axudas económicas, en réxime de concorrencia competitiva, destinadas a contribuír ao financiamento daqueles proxectos que incidan directamente na promoción do galego nas aulas, que realicen no ano 2005 os equipos de normalización lingüística dos centros privados (concertados e non concertados) de educación infantil, especial, de adultos, primaria, secundaria, bacharelato e formación profesional de Galicia.

As axudas destinaranse preferentemente a organización de programas e actividades, que teñan como finalidade o fomento do uso da lingua propia de Galicia entre os distintos compoñentes da comunidade educativa do centro.

### *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

Resolución do 17 de decembro de 2004, do Valedor do Pobo, pola que se aproba o Código de boa conduta administrativa da institución do Valedor do Pobo (BOPG núm.747, do 16 de marzo de 2005).

A elaboración dun Código de boa conduta administrativa das administracións no seu trato co público pode ser unha iniciativa útil, tanto para os



funcionarios, na medida que os informes sobre o modo en que deben actuar nas súas relacións co público, como para os cidadáns, en tanto lles facilita información sobre o tipo de conduta que teñen dereito a esperar no seu trato coas diversas administracións públicas.

A institución do Valedor do Pobo quere someterse a un Código de boa conduta administrativa, invitando ao mesmo á Xunta de Galicia, concellos e entidades dependentes dos mesmos a elaborar e poñer en práctica o seu propio código de boas prácticas administrativas.

«O noso Código —di a exposición de motivos— basease nos principios de transparencia e motivación, que facilitan o control da Administración. Pretende mellorar a súa eficacia contestando calquera solicitude nun prazo razoable, tendo en conta que calquera servizo público só cumpre coa súa función se contribúe a resolver os problemas dos cidadáns. E se non pode resolvelos, non debe ser un obstáculo para que eles mesmos poidan facelo. Polo demais, con este Código procurábase aproximar a Administración ao cidadán, facilitándolle información e extremando a cortesía.»

O artigo 3 indica que o persoal ó servizo do Valedor evitará calquera forma de discriminación por razón de nacionalidade, sexo, raza, orixe étnica ou social, relixión ou crenzas, características xenéticas, lingua, opinións políticas, etc.

O artigo 13 —Dereito á elección da lingua e preferencia no uso da propia de Galicia—di: «Nas comunicacións orais ou escritas cos cidadáns, o persoal ao servizo da institución utilizará o galego, como lingua propia de Galicia. Non obstante, cando o cidadán exprese o seu desexo de que a comunicación se produza en lingua castelán, os funcionarios do Valedor do Pobo entenderán todas as comunicacións na mencionada lingua cooficial».

### *Tribunais*

Sentenza do Xulgado do Contencioso núm.2, do 7 de abril de 2005.

O letrado da Xunta de Galicia no nome da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local presentou demanda de xuízo contencioso fronte á resolución de 2-11-2004 do Concello da Coruña sobre a denominación do municipio.

Solicitou a medida cautelar de suspensión e formouse a correspondente peza separada dándolle traslado ó letrado do Concello.

Nos Fundamentos de Dereito o magistrado xuíz, despois de invocalos

preceptos legais pertinentes de aplicación ó caso que se somete a súa xurisdicción, sinala que no caso presente o conflito enfronta a dúas administracións, de ámbitos territoriais distintos, que tutelan intereses públicos de distinta categoría, o que determina que calquera decisión que se adopte, incida, en maior ou menor medida, no interese público, polo que este (como criterio de decisión) non pode ser o criterio absoluto a ter en conta.

Tampouco, e poñéndose nun plano abstracto e teórico, falaríamos dunha perda absoluta da finalidade do recurso por non acordar a suspensión, dado que o acordo de 2-11-2004 mantén a forma galega do topónimo; sen embargo, outra cousa acontece na realidade, dado que o acordo municipal non pode considerarse de xeito illado, senón dentro do que é unha opción política, rebelde ao cumprimento das leis e das sentenzas.

O acordo municipal 2-11-2004 decide que o nome do municipio e a súa capitalidade será a todos os efectos en galego A Coruña e en castelán La Coruña, e dispón o seu uso na documentación do Concello e autoriza o seu uso por calquera persoa.

Dito acordo, en aparencia inocuo e inocente é, en principio, non problemático, si o é se se anoa ao que é unha cadea de enfrontamentos lingüísticos, que provocou a intervención dos tribunais, con resolucións contrarias ás posicións municipais (sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 28.07.1994, que confirmou a sentenza 25-09-2000, e sentenza Tribunal Superior de Xustiza de 28-07-1994, que confirmou a sentenza do Tribunal Superior do 19-09-2001).

Estamos —di o magistrado— ante sentenzas que confirman que tralo Decreto autonómico 146/84, a única denominación oficial posible do Código é A Coruña, e que o Concello carece de competencias para o uso da forma castelán.

Polo tanto, e o que interesa en sede cautelar, estamos ante unha cuestión xa decidida en vía xudicial con carácter firme que parece reabrir a cuestión de novo.

Polo tanto, si é posible (e case obrigado) recorrer á aparencia de bo dereito, e esta inclínase a prol do recorrente, xa que o acto presenta todos os indicios dun acto nulo de pleno dereito (en aparencia reabre unha cuestión xa resolta, sen que exista un cambio normativo que o autorice); a esto debo engadir que os intereses que tutela a Xunta son superiores (pola incidencia cuantitativa e cualitativa nos cidadáns de toda a comunidade autónoma) ós do Concello (dun ámbito máis limitado); ademais de non acordar a suspensión, as competencias que en materia lingüística ten a Xunta sufrirían unha forte incidencia negativa, perpetuando (dada a evidente vontade

do Concello) o incumprimento dos seus acordos, que contan co refrendo dos tribunais, e imposibilitando, durante anos, a normalización lingüística do topónimo que impón o Decreto 146/84.

«Por estas razóns —resolve o magistrado— debo acoller a petición de suspensión e suspender o acordo do 2-11-2004 do Concello da Coruña.»

### *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra*

Regulamento do Consello Social da Lingua Galega do Concello de Vigo (BOP núm. 20, do 31 de xaneiro de 2005).

O Consello Social da Lingua Galega de Vigo é o órgano que o Concello de Vigo ten para o seu asesoramento, consulta e participación na política lingüística, ata conseguir que o galego sexa usado decote pola práctica totalidade da poboación viguesa.

As súas funcións son:

a) Avaliar os obxectivos e os resultados da política lingüística do Concello. Para acadar eses fins, o Consello elaborará anualmente uns dictames sobre tódalas actuacións impulsadas, ou realizadas a instancias do Concello.

b) Estudar e analizar, a instancia da Comisión Especial de Normalización Lingüística do Concello de Vigo, as cuestións relacionadas co fomento e maila promoción da lingua galega en tódolos ámbitos da sociedade.

c) Dictaminar sobre os proxectos de instrumentos de planificación lingüística xeral que teñan que ser aprobados polo Concello.

d) Proponerlle ao Concello a elaboración de estudos ou dictames, cara a adopción de medidas axeitadas para normalizar a lingua galega.

A súa composición queda así:

- a) Presidencia, que será exercida polo Alcalde de Vigo.
- b) Unha Vicepresidencia Primeira, que será exercida polo Concelleiro de Normalización Lingüística.
- c) Unha Vicepresidencia Segunda que será exercida por un membro da Real Academia Galega.
- d) Unha persoa responsable da Secretaría, nomeada polo Alcalde.
- e) Un membro de cada Grupo Político Municipal.
- f) Tres persoas de recoñecida competencia na normalización lingüística, nomeadas polo Alcalde.

g) E polos seguinte vogais:

O Sr. Presidente da Fundación Penzol, ou persoa en quen delegue.

O Sr. Xerente da Fundación ProVigo.

Un a proposta da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia.

Un a proposta do Sr. Reitor da Universidade de Vigo.

Un a proposta do Sr. Xuíz Decano de Vigo.

Un a proposta do Sr. Delegado da Zona Franca de Vigo.

Un a proposta do Sr. Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo.

Un a proposta do Presidente da Cámara de Comercio de Vigo.

Un a proposta da Confederación de Empresarios.

Un a proposta do Club Financeiro de Vigo.

Un a proposta do Sr. Presidente do Instituto de Estudos Vigueses.

Un a proposta de Caixanova.

Un a proposta do RC Celta.

Un a proposta do Bispado de Vigo.

Un a proposta de CCOO.

Un a proposta da CIG.

Un a proposta da UXT.

Un a proposta das organizacións veciñais.

Un a proposta das asociacións de inmigrantes de Vigo.